

ADEMAIS...

Que dereitos temos segundo o Convenio da ONU?

O Encontro de Moz@s na Coruña evidencia a demanda de autonomía

A Fiscalía, contra os delitos de odio na discapacidade

CIFRAS RÉCORD NO PROGRAMA DE "EMPREGO CON APOIO"

Case 150 membros das entidades Down de Galicia estiveron traballando no 2018

ÍNDICE

A Fiscalía, contra os delitos de odio na discapacidade	3
Case 150 membros das entidades traballaron en 2018	5
Que dereitos temos segundo a Convención da ONU?	9
Unha guía reúne axudas e servizos estatais ás familias	13
O Encontro de Moz@s mostra a demanda da autonomía	17
Novos OrientaConsellos desde Ourense e Lugo!	23
O recadro do X Solidario, dispoñible para empresas	25
Ferrolterra implícase no 25º aniversario de Teima	27
A Conselleira de Política Social visita Down Galicia	31
O 3º Solidarios Non Stop de BBVA apoia Down Galicia	33
Máis noticias?	35
Séguenos!	36

© Publicación da Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



A FISCALÍA, CONTRA OS DELITOS DE ODIO NA DISCAPACIDADE

A Fiscalía General del Estado (FGE) publicou a finais de maio unha circular na que ofrecen novas indicacións para interpretar os delitos de odio tipificados no artigo 510 do Código penal. Entre eles inclúense os que incumben ás persoas con discapacidade, como o de discriminación laboral, denegación de servizos públicos ou vexación.

A circular será o referente no que os xuíces deberán apoiarse para xulgar as denuncias polo motivo mencionado. Por iso, o Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad (CERMI) elaborou un informe no que examina o impacto positivo das pautas que indica a Fiscalía sobre as persoas con discapacidade.

“As persoas con discapacidade participan plenamente da dignidade propia de todos os seres humanos, polo que as agresións á mesma deben ter unha adecuada resposta penal que repoña os dereitos vulnerados, eduque socialmente e preveña e disuada”, expón o CERMI.



O Comité destaca a importancia da definición dalgúns conceptos do Código penal. Entre eles, o de discapacidade; “aquela situación en que se atopa unha persoa con deficiencias físicas, mentais intelectuais ou sensoriais de carácter permanente que, ao interactuar con diversas barreiras, poidan limitar ou impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais”.

Pola súa importancia para as persoas con discapacidade, o CERMI tamén subliña a aclaración de ‘descrédito’, definido como “diminución ou perda da reputación das persoas ou do valor e estima das cousas”; ‘menosprezo’, como “equivalente a pouco aprecio, pouca estimación, desprezo ou desdén”, e ‘humillación’ como “ferir o amor propio ou dignidade de alguén, pasar por unha situación na que a dignidade da persoa sufra algún menoscabo”.

Doutra banda a circular da FGE analizada incide en que as condutas tipificadas como delito de odio serán aínda máis graves no suposto da difusión mediática, xa sexa por medio da internet ou mediante o uso de tecnoloxías da información, de modo que se fixese accesible a un elevado número de persoas.

Finalmente, a circular explica que “para que concorra unha infracción de odio será necesario que a acción ou omisión só poida ser entendida desde o desprezo á dignidade intrínseca que todo ser humano posúe polo mero feito de selo. Supón, en definitiva, un ataque ao diferente como expresión dunha intolerancia incompatible coa convivencia”.

CASE 150 MEMBROS DAS ENTIDADES ESTIVERON TRABALLANDO NO 2018

Un total de 144 persoas participantes no programa de Emprego con Apoio de Down Galicia, estiveron contratadas en empresas ordinarias da súa contorna durante o ano 2018. Este dato constata a mellora, aínda que lenta, na inserción laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, xa que o número total de persoas usuarias do servizo que contaron cunha oportunidade laboral creceu un 2% con respecto ao mesmo período do ano anterior, elevando así a 5 os anos nos que este número vai en aumento. Desde o ano 2013 ata inicios do 2019 o número de persoas usuarias de entidades Down de Galicia que asinaron un contrato laboral aumentou un 218%.

Aínda así, soamente o 65,8% das persoas que conforman a bolsa de emprego de Down Galicia tiveron acceso a un posto de traballo neste período. Este baixo porcentaxe vén dado polo elevado número de participantes no programa, que nesta ocasión ascendeu ás 219 persoas usuarias, deixando constancia da importancia que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais lle outorgan a ter un emprego. É que traballar contribúe de xeito eficaz a desterrar os tópicos que tradicionalmente se lles atribúen a este colectivo, resultando un xeito sumamente eficaz de inclusión social.

En canto á distribución por localidades, obsérvase que foron 55 persoas as que traballaron neste 2018 na zona de Vigo, 18 en A Coruña, 17 en Pontevedra, 15 en Compostela e 13 en Ferrol, Ourense e Lugo, mantendo ou mellorando as cifras con respecto ao ano anterior en tódalas localidades e demostrando deste xeito a utilidade e a aceptación desta metodoloxía entre o tecido empresarial privado.

Non obstante, o principal escollo para o colectivo de persoas con discapacidade intelectual segue a ser a inestabilidade e a temporalidade nas contratacións. Así, as 144 persoas que tiveron unha oportunidade laboral durante o pasado ano contaron cun total de 178 contratos, o que pon de manifesto a curta duración das contratacións en moitos dos casos.

O contrapunto vén da man das prórrogas dos contratos e das transformacións dos mesmos en indefinidos, que se elevan a 21 e a 13 respectivamente, o que demostra o bo facer dos traballadores e traballadoras nos seus postos de traballo.

Destaca tamén o elevado número de prácticas laborais realizadas polos usuarios e usuarias das entidades Down en Galicia (74), coas que reforzan a súa motivación cara o emprego e melloran as súas habilidades socio-laborais. Sumando contratos e prácticas, case o 85% das persoas usuarias do programa de emprego de Down Galicia contaron con unha oportunidade no eido laboral en 2018.



“CALES SON OS MEUS DEREITOS?”

DOWN GALICIA RECLAMA A IGUALDADE SEGUNDO O CONVENIO DA ONU

O pasado 22 de febreiro, o Consello de Ministros do Goberno de España declaraba oficialmente o 3 de maio de cada ano como Día Nacional en España da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Esta xornada ten como finalidade a contribución ao coñecemento e difusión desta Convención, así como a toma de conciencia por parte da cidadanía dos seus principios, valores e mandatos.

Hai xa máis de 12 anos que a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou este texto, un instrumento internacional de dereitos humanos destinado a protexer os dereitos e a dignidade das persoas con discapacidade. A través dos seus 50 artigos, a Convención recolle todos os dereitos das persoas con discapacidade en ámbitos como o civil, o social, ou de acceso á educación, saúde e emprego.

Este tratado xurídico, ratificado por España no ano 2008, supón a consagración do enfoque de dereitos deste colectivo e a consideración das persoas con discapacidade como suxeitos titulares de dereitos. É, polo tanto, de obrigado cumprimento para o Estado garantir que o exercicio dos mesmos sexa pleno e efectivo.

Aínda que é certo que se lograron grandes avances nos últimos anos, aínda seguen producíndose vulneracións aos dereitos máis fundamentais. Desde a súa ratificación no noso país, Down Galicia loita para que os principios incluídos neste texto sexan cumpridos na súa totalidade e se aseguren e respecten deste xeito os dereitos fundamentais das persoas con discapacidade.

A Convención e os seus artigos baséanse en oito principios entre os que destacan o respecto da dignidade inherente, a autonomía individual e a independencia das persoas, a participación e inclusión plenas e efectivas na sociedade, o respecto pola diferenza, a igualdade de oportunidades, a accesibilidade, a igualdade entre o home e a muller, o respecto á evolución das facultades dos nenos e as nenas con discapacidade e a non discriminación.

Un vídeo para reivindicar os nosos dereitos

Para combater o descoñecemento xeneralizado que existe no noso país sobre este tratado internacional, a Federación Down Galicia vén de lanzar un vídeo reivindicativo centrado na importancia da construción dunha sociedade baseada na igualdade de dereitos para toda a súa cidadanía. A través desta peza audiovisual coñeceremos a experiencia e as demandas de Mar Vidal, membro de Down Galicia, e da súa familia neste eido.

Vídeo na páxina seguinte!



UNHA GUÍA REÚNE AS AXUDAS E SERVIZOS ESTATAIS ÁS FAMILIAS

A Administración Xeral do Estado desenvolve múltiples iniciativas de apoio ás familias desde os diversos ministerios, que afectan á protección social, a normativa laboral, a fiscalidade, as bolsas educativas e a política de vivenda, entre outras. O Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar vén de publicar un interesante documento cuxo obxectivo é facilitar e aglutinar a información ás persoas que teñen responsabilidades familiares sobre as prestacións, beneficios e servizos que teñen á súa disposición.

Esta “Guía de Ayudas Sociales y Servicios para las Familias 2019” contén a información máis relevante sobre estas medidas para facilitar á cidadanía interesada o acceso ás mesmas. Nesta nova edición, recóllense principalmente as axudas establecidas nos ámbitos de seguridade social, emprego, fiscalidade, servizos sociais, educación, entre outros.

Algunhas das medidas van dirixidas ás familias en xeral, mentres que outras teñen como beneficiarios a colectivos familiares singulares, como é o caso das familias numerosas, as familias monoparentais ou as familias con persoas con discapacidade.

Por exemplo, a publicación aclara que nos casos en que o fillo/a ou menor a cargo teña a condición de persoa con discapacidade, o importe da asignación económica será,

en cómputo anual, o seguinte: 1.000 euros, cando teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, 4.704,00 euros nun grao igual ou superior ao 65% e 7.056,00 euros, nun grao igual ou superior ao 75% e necesite axuda dunha terceira persoa para realizar os actos máis esenciais da vida.

Doutra banda, a guía reserva un amplo apartado ás funcións da Oficina de Atención a la Discapacidad (OADIS), un órgano consultivo do Consejo Nacional de la Discapacidad, encargado de promover a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Á OADIS pode acudir calquera persoa con discapacidade e as súas familias ou os movementos asociativos das persoas con discapacidade, sempre que invoquen que foron obxecto de discriminación por mor da súa discapacidade no teléfono 91 822 65 12/13/14/23/25 ou a través do correo electrónico oadis@mscbs.es. A súa páxina web é oadis.mscbs.gob.es.

Accede no seguinte enlace á “Guía de Ayudas Sociales y Servicios para las Familias 2019”.

Descarga aquí a guía!





O EVENTO ESTATAL ANUAL ABERTO Á CIDADE

O ENCONTRO DE MOZ@S NA CORUÑA VISIBILIZA A DEMANDA DA AUTONOMÍA

Un centenar de mozos e mozas con síndrome de Down e discapacidade intelectual reuníronse na fin de semana de San Xoán na Coruña con motivo do 5º Encontro Nacional de Moz@s Down España. A cidade herculina acolleu este evento anual, da man da asociación Down Coruña, para vivir unhas xornadas festivas, reflexivas e inclusivas co obxectivo de compartir experiencias e visibilizar o colectivo. Os e as usuarias dunha decena de entidades da Rede Nacional de Vida Independente, así como algúns amigos e familiares, gozaron dun programa moi completo.

Recibimento oficial e festival inclusivo

O venres pola tarde os participantes foron recibidos na Residencia Calvo Sotelo para inaugurar o encontro. A alcaldesa da cidade, Inés Rey, a representante da área de Benestar da Deputación da Coruña, Silvia Seixas, o director de Down España, Agustín Matía, e o presidente de Down Coruña, Manuel Álvarez Esmorís deron a benvida.

O punto álxido da xornada inaugural tivo lugar á noite. Comida ao aire libre, música, baile e festa aberta á cidade foron os ingredientes do Festival Santa Xoaniña. O evento encheu O Parrote cun gran ambiente inclusivo e dous enérxicos concertos, o da banda de rock Xerock da Guarda e o do grupo coruñés de reggae Bush Doctors.

Menú completo para o día principal

O sábado foi a pedra angular do encontro, unha xornada repleta de actividades. O turismo dinámico protagonizou a mañá, dando a oportunidade de visitar a Torre de Hércules, o Monte de San Pedro, o Aquarium e o centro da cidade. Coa chegada do mediodía tivo lugar a presentación da curta “Descoñecidas” na Sede Afundación.

Pola tarde desenvolvéronse diferentes debates. Os temas a tratar abordaron diferentes cuestións relacionadas coa vida independente, como a parella, os irmáns, a vivenda, o emprego e formación, as barreiras sociais e o futuro.

Terminando a tarde abriuse un espazo de peiteado e maquillaxe baixo o título “No me mires”, onde os e as participantes puxéronse a punto para a gran cea de gala que tivo lugar inmediatamente despois. Unha comida no imponente restaurante Árbore da Veira, cunha estrela Michelin no seu haber, e que tivo como guinda unha sesión DJ e un espazo de photocall para captar os mellores recordos do encontro.

Conclusións e vídeo-resumo para o fin de festa

Coa chegada da medianoite tivo lugar o acto de clausura. Nel puxéronse en común as conclusións e reflexións dos espazos de debate, ademais de despedir o evento e aos asistentes cun vídeo-resumo editado por Down Galicia do que deu de si o 5º Encontro Nacional de Mozos Down España na Coruña.



Vídeo-Resumo do Encontro!



NOVOS ORIENTACONSELLOS DESDE OURENSE E LUGO!

Down Galicia atópase no ecuador da segunda temporada do OrientaConsello, o microespazo en Youtube dedicado á busca activa de emprego.

Nesta etapa o pequeno programa aporta un punto de vista máis práctico sobre a empregabilidade. Cada episodio afonda nun oficio concreto, explicando as súas tarefas, considerando as aptitudes para o mesmo e vendo exemplos do mal e o bo facer.

Os últimos tres capítulos publicados nesta temporada están protagonizados por José Luis Muñoz e Iago Borges, de Down Ourense, e Laura Martínez, de Down Lugo. O primeiro fala do oficio de auxiliar de sala, o segundo de aprendiz de mecánico e a última de auxiliar administrativa.

Esta iniciativa da Federación reivindica a inclusión e a filosofía colaborativa da rede, compartindo con todas aquelas persoas que o desexen consellos e trucos que as axuden na complicada tarefa que supón atopar un traballo.

OrientaConsello ten unha periodicidade mensual e son publicados na canle de Youtube e nas redes sociais da Federación.

Fai click nas imaxes para ver os vídeos!

Nº20: Auxiliar de sala, por José Luis Muñoz



Nº21: Aprendiz de mecánico, por Iago Borges



Nº22: Auxiliar administrativa, por Laura Martínez



O 'X SOLIDARIO', DISPOÑIBLE PARA AS EMPRESAS NO IMPOSTO DE SOCIEDADES

O próximo Imposto de Sociedades engade novidades que poderán axudar ao financiamento de proxectos sociais. Trátase do novo recadro “empresa solidaria”, dedicada a fins sociais ao tributar baixo este imposto. Esta medida permitirá ás empresas, a partir deste ano, contribuír a lograr unha sociedade máis xusta, igualitaria e inclusiva marcando o recadro 00073 (modelo 200) ou o 069 (modelo 220) do seu Imposto de Sociedades.

Desde o 1 de xullo as empresas poden destinar o 0,7% da cota íntegra que declaran a financiar os devanditos proxectos, segundo a Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2018. A Federación Down Galicia e o Terceiro Sector animan ás empresas para sumarse a esta iniciativa que é totalmente voluntaria e non supón ningún custo adicional. Ademais, coa medida poñerán de manifesto o seu compromiso solidario coa sociedade e o Terceiro Sector, xerando impacto social positivo e valor, non só para a empresa senón tamén para a sociedade.

Deste xeito, as empresas fundamentarán as súas accións en principios que teñen que ver co cambio da súa contorna, a mellora da calidade de vida das persoas, a loita contra a pobreza e as políticas sustentables. Ademais, coa marcación voluntaria do recadro “empresa solidaria”, as compañías estarán a poñer en práctica a súa Responsabilidade Social Corporativa (RSC) e contribuíndo

á execución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e a Axenda 2030 coa procura de alianzas e novos escenarios de colaboración.

O Terceiro Sector, do que forma parte Down Galicia, lanza conxuntamente a campaña ‘empresas solidarias, empresas extraordinarias’ dirixida a informar e sensibilizar ás empresas para que marquen o recadro “empresa solidaria”. É coordinada pola Plataforma de ONG de Acción Social xunto á Plataforma do Terceiro Sector, e conta co apoio da Plataforma do Voluntariado de España, a Rede de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social no Estado Español (EAPN-É), o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI), a Plataforma de Infancia e a Coordinadora de ONG para o Desenvolvemento-España.



FERROLTERRA IMPLÍCASE CON TEIMA DOWN FERROL NO SEU 25º ANIVERSARIO

Teima Down Ferrol celebrou o pasado 27 de xuño o seu 25 aniversario cun gran festival de case 12 horas de duración no Parque Raíña Sofía da cidade baixo o título Camiño Teimudo Fest. A asociación foi arroupada polas institucións, os seus habituais colaboradores e público xeneral vindos de toda a comarca de Ferrolterra. Unha ducia de artistas musicais, plásticos e de baile quixeron achegar a súa arte nunha xornada que non esqueceu o seu sentido reivindicativo tras un cuarto de século de loita polos dereitos e a calidade de vida das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual.

A celebración, presidida por Patricia Serantes, presidenta de Teima, recibiu a visita do alcalde de Ferrol, Angel Mato, as edilas Eva Martínez e Maite Deus, o concelleiro popular José Manuel Rey Varela así como Luís Miguel Vázquez Carreira, representante da Consellería de Política Social. Mato felicitou a Teima pola súa traxectoria e expresou a súa intención de apoiar a política de integración social das persoas con discapacidade intelectual.

Unha multitude de artistas forma o Camiño Teimudo Fest

O festival arrincou ao mediodía cunha aula de salsa, para continuar cunha sesión vermú coa música de Fran Rey, Dayami Andux, Hilda e Andrés Balado, de La Voz.

Pola tarde, a animación correu a cargo de Marcos Mella, Laura Romero -gañadora do programa de TVG “Pequenos fenómenos” e que doou o seu premio a Teima-, El Chigri, a escola de música Rockschool Center, Quenindiole e o DJ Mass Music. O amplo cartel, que brindou case 12 horas de música, complementouse con exposicións, photocall e puntos informativos.

Un mosaico cooperativo, símbolo da inclusión

As autoridades, artistas, membros de Teima e a cidadanía ferrolá, contribuíron a elaborar o mosaico cooperativo “Camiño teimudo”, que se confeccionou ao longo da xornada baixo as directrices do artista valdeorrés Gerardo Rodríguez Ramos “Chere”. O mural representa o traballo colectivo da sociedade para lograr a inclusión, a través dun deseño en forma de frecha, que indica ese longo camiño que depende de todas e todos, protagonizado polo logotipo do colectivo Down.

Desde a Federación Down Galicia, xunta directiva e profesionais, trasladamos unha vez máis a Teima nosas máis agarimosas e sinceras felicitacións polo seu decidido traballo, por todos e cada un dos logros acadados e por ser un referente na federación en moitos sentidos. A entidade agradece ademais todas as súas achegas ao colectivo ao longo destes 25 anos, desexando que sigamos traballando conxuntamente por un futuro teimudamente inclusivo.





Fabiola García durante a súa visita

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL VISITA A SEDE DE DOWN GALICIA

Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social, visitou o 14 de maio as instalacións que comparten Down Galicia e Down Compostela en Santiago e puido comprobar o traballo que desenvolven ambas entidades.

Guiada por Iván Allende e Dani Martínez, os dous mozos de Down Compostela que nestes momentos están a realizar prácticas na administración autonómica, a representante da Xunta de Galicia puido observar o desenvolvemento dalgunhas das sesións de atención temperá, logopedia ou novas tecnoloxías. Alí, puido charlar coas persoas usuarias da entidade, recibindo así as impresións e valoracións dos servizos que reciben, centrados no desenvolvemento integral das persoas e que teñen como obxectivo a súa inclusión social.

Ao terminar a visita ás instalacións, García Martínez puido desfrutar dun pequeno almorzo ofrecido polas persoas participantes na formación de restauración e bar que a Fundación Down Compostela está a levar a cabo co financiamento da propia Consellería.

Tras o refrixerio, representantes da Xunta Directiva de Down Compostela e Down Galicia puideron trasladar á Conselleira as principais demandas do conxunto Down, centrándose principalmente na posta en marcha de prácticas formativas na administración autonómica.

O SOLIDARIOS NON STOP DE BBVA APOIA A ATENCIÓN TEMPERÁ DE DOWN GALICIA

Ao longo da última fin de semana de xuño, persoas traballadoras e amigos e amigas de BBVA realizaron o Camiño de Santiago desde Madrid en bicicleta. O diñeiro recadado coas achegas por participar nesta actividade será destinado de maneira íntegra a apoiar o labor de catro entidades sen ánimo de lucro: Down Galicia, ASDEGAL, Down Castilla y León e Fundación Lukas.

Uns 700 quilómetros, divididos en 28 etapas de entre 20 e 30km cada unha, uniron a capital galega coa estatal. Tras dous días e medio de intenso pedaleo, os participantes desta iniciativa foron escoltados pola Policía Local de Santiago de Compostela e Protección Civil na súa chegada á Praza do Obradoiro.

María Milagros Castro Sánchez en representación do Concello de Santiago de Compostela, como Concelleira responsable de Políticas Sociais e Javier Arias en representación do Territorial Noroeste de BBVA, como promotor de esta iniciativa, foron as persoas encargadas de facer a entrega dos cheques na emblemática praza.

Nesta ocasión, a achega a Down Galicia irá destinada ao seu proxecto de atención temperá, que favorece o desenvolvemento motor, cognitivo, social e da linguaxe nos bebés con síndrome de Down e discapacidade intelectual nos seus primeiros anos de vida.



MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para delas!

[A música une a alumnado da Uvigo e persoas usuarias de Xuntos nunha experiencia de aprendizaxe](#)

Oito persoas usuarias da área de inclusión educativa de Down Pontevedra Xuntos inicianse na música na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo, no marco dun taller impulsado pola Vicerreitoría do Campus. Fano acompañadas e titorizadas por oito estudantes do grao en Educación Primaria desta facultade.

[Down Ourense e o CEIP Quiroga apostan pola inclusión educativa](#)

O profesorado do CEIP Quiroga (Lugo), convidou a profesionais de Down Ourense ao centro educativo para falar sobre Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA), unha estratexia moi útil para dar resposta á diversidade que os profesores e profesoras atopan diariamente nas súas aulas.

[Risas, aplausos e moita música na estrea da nova obra do Grupo de teatro Down Compostela](#)

O grupo de teatro Down Compostela estreou a súa obra 'Todos os camiños levan a Santiago', escrita e dirixida por Lucas Herrador. Un total de 19 mozos e mozas da entidade representan este espectáculo.

SÉGUENOS!



DownGalicia.org



Facebook.com/DownGalicia



Twitter.com/DownGalicia



Youtube.com/DownGalicia



Flickr.com/DownGalicia

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo comunicacion@downgalicia.org.

[Consulta a nosa política de privacidade](#)

Subvencionado por



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

